

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA  
**CURSO:** 5º EDUCACIÓN PRIMARIA  
**MATERIA:** Matemáticas  
**DEPARTAMENTO:**  
**DATA:** 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando... e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.
Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice... Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.
Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapezio e rombo. Calcular a área de figuras planas.	Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.	Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.
Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.
Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.	Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"><li>- Valoración persoal do traballo e esforzo do alumnado.</li><li>- Contraste da experiencia/traballo dixital con outro profesorado do centro.</li><li>- Recompilacións de materiais e valoración por escrito.</li></ul>
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"><li>-Exercicios e tarefas que se pidan.</li><li>-Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.</li><li>-Presentación de traballos.</li><li>-Debuxos que representen aquilo que aprenderon.</li><li>-Traballos monográficos e pequenas investigacións.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	Terase en conta a nota media dos dous trimestres anteriores, as tarefas e actividades que se pidan e o seguimento que se realiza do alumnado. Valorarase especialmente o esforzo e os medios dos que dispoña cada unha das alumnas e alumnos nos seus fogares.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	No caso de matemáticas as actividades están a ser de repaso e ampliación, sempre que os contidos teñan relación co xa visto no presente curso ou en cursos anteriores.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Todas as actividades están propostas tendo en conta o nivel curricular medio do grupo e as súas aprendizaxes previas, outorgando un uso significativo da lectura, da escritura e das TIC. A hora de entregar as tarefas dáse flexibilidade ao alumnado, tendo en conta as diferenzas individuais e medios dos que dispoñen.
<b>Materiais e recursos</b>	No que respecta ao alumnado con conectividade, envíanse a diario as actividades propostas. Estas van en formato PDF. Cada unha das actividades acompáñase dunha explicación e/ou un vídeo insertado mediante un hipervínculo que dá acceso a un enlace externo (youtube, Vimeo, páxinas informativas...). No caso do alumnado sen conectividade (datos mediante teléfono móbil), envíanse as tarefas mediante un servizo de fotocopias que oferta o Concello de Santa Comba. Os vídeos e outros recursos coma imaxes, facilítanse ao alumnado a través do watshapp das nais/pais. Este alumnado ten un seguimento diferenciado en canto a resto, titorizado mediante chamadas ás familias todas as semanas para resolver posibles dúbidas.

<b>• 4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación principal co alumnado realízase a través das familias, ben a mediante chamadas telefónicas, correo electrónico ou whatsapp. No meu caso debido a problemas de seguridade, fiabilidade e conectividade, descartei a utilización de outros medios como Skype ou Zoom.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.